



R leva a súa nova tecnoloxía de fibra a polígonos vigueses e da área portuaria para navegar a velocidades de ata 1 Xigabit

- *O operador galego acometeu nos últimos meses unha renovación da súa tecnoloxía de rede que poderá beneficiar a case 1.000 empresas e emprendedores/as instalados/as nestas áreas.*
- *Esta actuación, realizada en 24 polígonos industriais de Galicia, enmárcase nos plans anuais de R para mellorar a calidade, cobertura e potencia da súa rede e ofrecerlles, así, os servizos máis avanzados ás empresas galegas.*
- *Con este desenvolvemento, a compañía R dálles resposta ás crecentes necesidades de servizos de telecomunicacións amosadas polo empresariado da comunidade e acompaña no seu proceso de transformación digital.*

Luns, 29 de marzo de 2021.- Case 1.000 empresas e emprendedores/as dos polígonos vigueses de **Bouzas, Caramuxo e da área portuaria de Vigo** poderán beneficiarse da nova tecnoloxía de fibra despregada por R. Grazas a esta renovación, os/as usuarios/as instalados/as nestas zonas poderán navegar a velocidades ultrarrápidas de ata **1 Xigabit simétrico** (suba e baixada) e facelo, ao tempo, con máis seguridade e con accesos á rede moito máis estables e homoxéneos.

R, nos recintos empresariais galegos

Esta actuación, enmarcada nos plans anuais da compañía para mellorar a calidade da súa rede, tense realizado **en 24** polígonos empresariais de Galicia que contan con case **9.000 empresas e autónomos/as**, dos que un **13,4%** se atopan na provincia de Pontevedra (a meirande parte nestas áreas viguesas, ás que se suman Mos e o polígono pontevedrés do Campiño).

Só durante o último ano, e co propósito de lle dar resposta á crecente demanda de servizos de telecomunicacións, a compañía ten realizado **un investimento de 4,6 millóns de euros** para ampliar e reforzar as capacidades da súa rede de fibra en Galicia.

Co despregamento desta nova tecnoloxía para as áreas industriais galegas, **R** segue amosando o seu esforzo permanente por estar a carón das empresas da comunidade, obxectivo prioritario ao que se lle ten dado un pulo maior nos últimos meses, ante unas circunstancias tan extraordinarias como as da pandemia, que ten **incrementado ata nun 50% o uso das telecomunicacións** nos fogares e empresas de Galicia a todos os niveis.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal